

ASPECTOS FONÉTICOS E MORFOLÓXICOS NA OBRA DE CASTELAO

X.M.^a GOMEZ CLEMENTE-X.M. MACBIRA FERNANDEZ-A. GARCIA FONTE

I. Introducción

Co presente traballo queremos dar unha pequena aportación que contribúa a unha visión o máis obxectiva posible da *praxe lingüística* de Castelao. Fixámo-la nosa atención naqueles aspectos ortográficos, fonéticos e morfolóxicos que caracterizan a lingua do noso autor.

Para chegarmos a isto cumprímonos consulta-la maior parte das súas obras literarias e ensaísticas, tendo así unha visión dos diversos resultados desde as primeiras obras ata as últimas. Por razón de espazo tivemos que reduci-las ocorrencias rexistradas, aínda que nos parece importante basea-las nosas afirmacións no maior número de datos posible.

Por outra parte, é moi importante, cando se trata de facer un estudio desta índole, manexa-las edicións onde se repecta máis fielmente a escrita orixinal do autor; edicións que, como é lóxico, son, na maior parte dos casos, as primeiras. Nos outros polo tanto traballamos, sempre que nos foi posible, coas primeiras edicións das obras, que pasamos seguidamente a detallar: *Un ollo de vidro*, Ed. Céltica, Ferrol, 1922. *Segundo libro de cousas*, Ed. Nós, A Cruña, 1929. *As cruces de pedra na Bretaña*, Seminario de estudos galegos, San'Iago, 1930. *Nós*, Akal editor, Madrid, 1975 ed. facsímil da primeira). *Retrincos*, Ed. Nós, Santiago, 1934. *As cruces de pedra na Galiza*, Ed. Nós, Buenos Aires, 1949. *Os vellos non deben de namorarse*, Ed. Galaxia, Pontevedra, 1953. *Os dous de sempre*, Ed. Nós, Sant'Iago, 1934. *Primeiro libro de cousas*, 2ª ed. Ed. Nós, Sant'Iago, 1934. *Sempre en Galiza*, Ed. As Burgas, Buenos Aires, 1961.

Para unha maior comodidade ó longo do traballo citámo-las obras polas seguintes abreviaturas. Damos a continuación as correspondencias: O: *Un ollo de vidro*; C₁: *Primeiro libro de cousas*; C₂: *Segundo libro de cousas*; CB: *As cruces de pedra na Bretaña*, CG: *As cruces de pedra na Galiza*; N: *Album Nós*; R: *Retrincos*; VN: *Os vellos non deben de namorarse*; DS: *Os dous de sempre*; S: *Sempre en Galiza*.

II. Aspectos ortográficos

1. Acentuación

Castelao usa dous tipos de acento: o acento agudo (´) para marca-la tonicidade e como acento diacrítico entre palabras homógrafas, e o acento circunflexo (^) para indica-las contraccións. Ex.

layárense O 43; *doída* O 38; *aldeán* O 19; *máis* S 92; *éste* S 257; *ás* O 21; *ún* DS 149; *lé* O 7.

Debemos de ter en conta que Castelao non segue unhas regras de acentuación fixas; senón que as vacilacións -e se cadra tamén despistes- aparecen ó longo das súas obras con moita frecuencia, como veremos de seguido.

1.1. *Palabra agudas.*- En xeral podemos dicir que acentúa as palabras polisílabas que rematan en vocal, -n- ou -s-. Moitas palabras que segundo esta regra deberían levar acento aparecen, en ocasións, sen el. Ex.

dirixin S 140; frente a *intervín* S 142.

1.1.2. *Monosílabos.*- Con respecto ós monosílabos acentúa tódalas formas verbais que precisen ou non dunha marca diacrítica. Acentúa tamén algúns substantivos indiscriminadamente. Ex.

verbos: *dá* S, 15, 22, 30; DS 125; CB 47; *dás* DS 11, 22; *dí* O 33; *dín* S 144; *vé* S 193; *Vín* C₁ 33; *és* R 58; *quê* R C₂ 7.

substantivos: *máns* S 143; *bó* S 194; *lán* R 14; *chán* DS 9; *elás* O 25; *pés* R 29, 43, 48; *fé* R 48; C₁ 17; frente a *mans* C₂ 5, DS 115; *man* R 14; *clan* CG 27; *chan* DS 35.

1.1.3. Temos que considerar tamén as palabras agudas que rematan nun ditongo decrecente, pois se ben o acento de palabras como o adverbio *máis* está xustificado para diferencialo coa preposición *mais*, non hai razón algunha para acentuar *demáis*, *ademáis*, *dispóis* e *cicáis*. Palabras que, por outra parte aparecen tamén frecuentemente sen acento. Ex.

"*Mais* é mellor que denantes da guerra..." (prep. adversativa) S 92

"homes de *máis* capacidade..." (adverbio) S 92.

"E sen *mais* novidades..." (adverbio) DS 40.

endexamáis S 33, 187; *ademáis* S 193; *demáis* S 182.

É en *Sempre en Galiza* onde aparecen estas palabras acentuadas case a feito. Nas outras obras atopamos maior número de excepcións: ex.

"es *demais*" VN 29; *ademais* CB 47; *cicáis* S 140; *dispóis* S 141; pero *cicais* CB 30; *dispois* CG 12, S 255.

1.2. *Palabras graves*. - Acentúa as palabras que levan a sílaba tónica na antepenúltima sílaba, sempre que non rematen en vocal, *-n-* ou *-s-*. Atopamos pese a todo moreas de excepcións: ex.

útil S 256; *carácter* S 259, CG 12; *éter* C₁ 33; pero *estúdo* C₁ 23; *orixens* S 264, 267; *fáinos* S 279;

1.2.1. Nos exemplos recollidos de palabras en que aparece unha vocal tónica débil (*i, u*) antes ou despois doutra vocal átona, atopamos moitas dúbidas. O problema radica en considerar estas secuencias (*i, u* tónicos + vocal) como hiatos ou como ditongos. As vacilacións a este respecto documéntanse abundantemente ó longo de tódalas obras de Castela, en todas elas rexistramos tratamentos contradictorios na acentuación da mesma palabra ou outras similares silabicamente.

- *i, u* tónicas + vocal átona.

suas O 19; *duas* O 33; *dúas* R 18; *súa* R 56; *días* R 56; *rúa* R 48; *fío* C₁ 7; *lua* C₁ 8; *días* C₁ 8; *río* C₁ 8; *sua* C₁ 17; *túa* C₁ 17; *ría* C₂ 23; *dúas* DS 28; *duas* VN 43; *túa* VN 36; *dúas* VN 61; *tribúa* CB 2; *estriás* CB 15; *vían* S 189; *día* S 193; *rúas* S 12; *fío* S 60; *día* S 60; *propoñían* S 193; *xurdian* S 193.

- vocal tónica + *i, u* tónicos

doída O 19; *xuicios* C₁ 47; *peños* C₁ 11; *miúdo* R 55; *aínda* C₂ 11; *laídos* C₁ 19; *aínda* C₂ 47; *velaños* C₂ 49; *raices* CB 13; *aínda* CB 5; *países* S 28; *saúde* S 34; *caída* S 437; *contraídos* S 437; *imbuído* S 443; *raices* S 117;

O acento sobre a sílaba tónica sería necesario para indicar que son dúas sílabas. Todo nos leva a considerar que o feito de que aparezan unhas veces con acento e outras sen el, non obedece a ningún criterio ortográfico prefixado.

1.2.2. Dentro da acentuación de palabras graves quédanos aínda por tratar dos adxectivos en *-bel*, que aparecen xunto coa solución *-ble*, resultantes ambas do sufixo latino *-BILE(M)*. En realidade forman un grupo reducido, pois só se utiliza nalgunhas obras, e aínda ás veces nestas illadamente.

Segundo a regra xeral de acentuación das graves a forma do singular debería levar acento, pero non o atopamos en ningún caso. Ex.

terribel DS 11; *temibel* DS 10; *perdurabel* DS 114; etc.

1.3. *Palabras esdrúxulas*. - Acentúaa sempre. Ex.

órgao S 140; *bágoas* S 35, C₁ 43; *mágoa* C₂ 37; *réxime* S 184; *dúvida* S 186; *empéñanse* S 190; *técnicos* S 132, etc.

Considera como dúas sílabas a secuencia: vocal forte + vocal débil átonas, así acentúaa como esdrúxulas. Mais, tamén hai casos que non segue este criterio e pasa a considerar estas secuencias como graves. Ex.

léria R 37; *tíduo* R 43; *hóstias* DS 35; *códia* DS 41; *múrria* DS 182; *mácio* DS 197; *penínsua* CB 7; pero fronte a estes exemplos: *estatua* CB 75; *influencia* CB 18; *hestoria* S 147; *insinia* S 313; *insidias* S 275; tamén o plural dos adxectivos en *-bel*, *irrebatibeis* S 471; *favorabeis* S 475; pero *posibeis* S 476; *úteis* S 204.

1.4. *Sobre a utilización do acento diacrítico.*- O acento diacrítico é utilizado polo noso autor, seguindo as regras de acentuación do castelán, para diferenciar unha mesma palabra segundo a función gramatical que desempeñe na oración. Tampouco neste caso leva a cabo a regra dun xeito exhaustivo como veremos a continuación. Ex.

"Cando *éste*s mandaban..." S 257; "o mal que *ésta* causou..." S 273; "*Este* movemento..." S 271; "*Esta* política..." S 271.

-En *Un Ollo de Vidro* distingue entre *á* O 22, 19, etc. como preposición para distinguilo de *a* artigo determinado. O acento como marca diacrítica da preposición aparece noutras obras esporadicamente, ex. C₁ 43.

-Acentúa os relativos *que* e *quen* en función substantiva. Ex.

"non sabe como hai *quén* viva..." S 21, tamén 143, etc.

"perguntou a *qué* se debía..." S 143 para distinguir da conxunción *que* "respondeu *que* a Comisión..." S 143. Pero prescinde do acento diacrítico en ocasións inxustificadas: "coma *quen* malla n'un..." C₂ 31; "*quen*-o diría..." C₂ 47; "*quen*-os verá..." VN80.

-acentúa o indefinido *un*, para distingui-lo do artigo indefinido. Ex.

"cada *un* falou..." S 91, tamén DS 149, etc.

-o pronome persoal *el*, para distingui-lo do artigo determinado *el*. Ex.

"*él* non tiña porqué sabelo..." S 144; "en previsión de que *él* fose..." 144.

-O adverbio de modo *como* tamén leva un til diacrítico para distinguilo da conxunción *como*. Ex.

"a plebe vai ver *cómo* a xente rica..." S 26.

-Acentúa os relativos *cal*, *cando*, *canto*, *como*, *onde*, *que*, e *quen*, sempre que van usados como interrogativos ou exclamativos. Ex.

"¿Por *quén*..." C₁ 21; "¡*Qué*..." S 22.

-A distinción mediante unha marca diacrítica entre o pronome persoal *si* e o adverbio afirmativo *si* e totalmente anárquica. Ex.

sí S 58, 186; pero "antre *si* mesmas" S 192; e "pol-o *sí* ou pol-o non" S 64.

-Acentúa os adverbios rematados en *-mente*, seguindo a ortografía castelá. Ex.

práiticamente S 40; *téinicamente* s 132; *sómentes* C₁ 18; *perfeitamente* S 294; *realmente* S 298.

2. Contraccións e elisións: representación gráfica

Nas primeiras obras nótase unha maior tendencia á representación gráfica de contraccións e elisións vocálicas. Nestas obras case tódolos elementos da frase que rematen en vocal son susceptibles de sufrir unha contracción ou elisión en contacto coa vocal dunha palabra seguinte. Hai que ter en conta que estes fenómenos non son sempre representados graficamente, nin a súa representación se fai sempre do mesmo xeito. Así vemos como, nalgúns casos alterna o uso do guión co do apóstrofo indistintamente, noutros o uso do acento circunflexo coa forma plena segundo as obras. Sobre estas cuestións deterémonos nos apartados que seguen, deixando para máis adiante a aproximación fonética a estes problemas.

2.1. Contraccións de vocais dentro dunha mesma palabra

Trátase de palabras que sufriron nun estado anterior de lingua a redución de dúas vocais en contacto, resultantes da desaparición dunha consoante intervocálica. A marca gráfica nestes casos é o acento circunflexo (^). Ex.

só (lt. SOLUM) O 20; *pór* (lt. PONERE) S 212; *lênda* (lt. LEGENDAM) CB 18.

En *Sempre en Galiza* renuncia a este tipo de formas, se cadra por consideralas vulgarismos (?), e utiliza as formas castelás. Ex.

creemos S 34; *creer* S 34 e CG 20; *leesen* S 75, etc.

2.2. Contraccións e elisións entre dúas palabras

Á hora de indicar graficamente a contracción de dúas vocais ou a elisión dunha delas Castelao tenta deixar nitidamente diferenciados cada un dos compoñentes separándoos mediante un guión ou un apóstrofo indistintamente. A utilización dun ou outro signo é variable e non obedece a ningunha diferenza gramatical. E dado recalcar que o uso do apóstrofo queda definitivamente postergado en *Sempre en Galiza* en favor do guión.

2.2.1. Contracción e elisións coa preposición. Non só atopamos exemplos coas preposicións: *con*, *de*, *en*, *por*, e *a*, senón con moitas outras en combinación coas clases de palabras máis diversas: Ex.

n' o O 6; *coa* O 19; *dend' a* O 33; *d' arrentes* O 7; *pol' o* R 13; *car' o* rueiro O 13; *ant' as* DS 68; *do* C₂ 39.

En *Sempre en Galiza* limita a súa representación gráfica ós seguintes casos: as preposición *de*, *en*, *co* + artigos, demostrativos, indefinidos, algúns adverbios e pronomes persoais; a preposición *a* e *por* + artigos determinados. Ex.

pol' o S 22, *c-un* e *d-aquela* S 184; *d-eiquí* S 29; *n-elas* S 27; *d-abondo* S 155; temos dúas excepcións, *d-estrelas* e *d-esqueletos* S 38.

A preposición *a* + artigo determinado soe aparecer na maior parte dos exemplos documentados como a contracción: *ô* e *â* (excepto en *Sempre en Galiza*). O mesmo ocorre na contracción *a* + artigo indeterminado *un*: *ôn*, inexistente nesta obra. Ex.

âs O 38; *ô* O 6; pero *a-os* O 11; *ô:s* N 21; *ô* R 8, 14, 43, etc.; *ôn* R 39, 46, DS 27, 67, 96, etc. VN 67, etc.; *âs* VN 10; pero *aos* VN 10, 17, 30, 46; *on* DS 10.

En *Sempre en Galiza* aparece xa regularmente a forma plena *ao* no canto de *ô* e *a un* no canto de *ôn*. Mantéñense as contraccións *â* e *âs*.

2.2.2. Conxuncións + artigos e demostrativos. Non son regulares na súa representación gráfica, nin se fan sistematicamente. En *Sempre en Galiza* non atopamos exemplos. Ex.

com'on patriarca DS 104; *qu'esta* CB 18; pero *que a* CB 7, etc.

Presentan unha maior indecisión á hora de transcribir ortograficamente este fenómeno da fala que, por exemplo as que se dan con preposicións. Así Castelao parece querer representar ás veces que houbo unha elisión vocálica: *com-os demais* VN 29; outras, unha contracción: *com'on* DS 104; e outras, escribe as dúas vocais indicando unha estreita vinculación entre elas: *como'o* CB 11.

2.2.3. Formas verbais + artigos ou pronomes. Se a forma verbal remata en vocal e vai seguida dun artigo ou pronome sinálase a elisión da vocal da forma verbal cun apóstrofo e mais infrecuentemente cun guión. Ex.

olland'o menhir CG 18; *dam-a* vida VN 18; *tiñ'a* ealivera O 14, etc.

Estas representacións son, de todos xeitos ocasionais; o normal é a conservación de ámbalas dúas vocais. Se o que segue é un pronome pode aparecer ligado á forma verbal con un guión: *fixo-o* cachizas DS 258, pero *abrazandoo* VN 53. A representación gráfica é moi variable.

Se a forma remata en *-r* ou *-s* provoca a aparición dos alomorfos do artigo e pronome (*-lo, -la, -los, -las*). (Vid. IV.4 e IV.5). En *Sempre en Galiza* non representa a segunda forma do artigo se a súa aparición vén provocada por unha forma verbal, excepto en rarísimas ocasións: S 325.

Mesmo nas obras en que a representación deste alomorfo é constante atopamos excepcións: "non *tires o* carozo" DS 21, ó lado de *tel-os* remos DS 22.

No caso dos pronomes líganse en ocasións á forma verbal mediante un guión do mesmo xeito cós artigos: *matál-o* O 43; *cumplit-o* R 27, etc. Aínda que ordinariamente non medie trazo algún entre o verbo e o pronome, é o normal é que se atopen escritos formando unha soa palabra: *eloxilo* S 86, etc.

En *Sempre en Galiza* a 1ª persoa do plural seguida dun pronome persoal que empece por consoante, perde o *-s* final exactamente igual que seguido do alomorfo (*-lo, -la, -los, -las*): *leeríamolle* S 86; *chámamolle* S 113.

2.2.4. Pronomes + formas verbais. Se o pronome que antecede a unha forma verbal remata en vocal e a forma verbal comeza por vocal, prodúcese ás veces unha elisión que pode aparecer representada: *l'interesa* O 33; *m-asaño* VN 64. Este tipo de contraccións son esporádicas e non aparecen nen sequera en tódalas obras. O mesmo ocorre coas que se establecen entre unha conxunción e un verbo: *qu'andas* VN 54.

III. Fonética

1. Vocalismo

1.1. Vocalismo tónico

As vocais en posición tónica, xeralmente, non teñen problemas na súa articulación, xa que a tonicidade conleva unha maior nitidez fonética dos seus formantes. Sumándolle a isto, ademais, un alto índice de estabilidades na palabra.

1.1.1. *Desdoblamento da vocal tónica*.- A tonicidade na vocal correspondente fai que Castelao vacile á hora de trasladar á escrita estes segmentos fonéticos. Así, nalgúns casos, representa estes fenómenos por unha contracción: *crên* O 43; *lêr* O 6; *lênda* C₂ 37, CB 15, 18; mesmo isto lévao a casos como *rîr* O 6, 39; C₂ 47. Pero, o característico nestas condicións, é que apareza un desdoblamento da vocal nun intento de representar graficamente a materia fonética deste segmento. O carácter tónico leva ó autor a pensar nunha dobre articulación da vocal correspondente, así temos: *door(es)* DS 228, S 141, VN 20, C₂ 17, R 44, 45, S 35, 38; *leer* S 300, CG 26, S 75, 23; *creer* S 42, 88, 103, 120, CG 26, N 36, C₂ 47, CB 7, 55, CG 12; *creencias* CB 14; *creente* CG 65; *coor* O 19, C₂ 11. (Ver: II,2.1.).

1.1.2. *Ultracorreccións ou disimilacións nas palabras cultas*.- As secuencias -IE-, -UE- latinas manteñense sempre nas palabras cultas do galego. Na lingua deste autor, a secuencia -ie- aparece, bastantes veces, alterada en *e*. Deste modo temos: *comenente* S 273; *ambiente* S 65, S 160; *siguente* S 359; *cencia* S 189, VN 32, C₂ 39, S 64; *centíficamente* S 104; *esperencia(s)* S 222, VN 14, O 6; *concencia* S 170, DS 212, S 66, DS 101; *eficencia* S 84. A inseguridade do autor ó escribir estas secuencias amósase na vacilación que aparece con formas como *conciencia* S 24 ou *siguiente* (1) CG 59, aínda que estas son realmente esporádicas.

1.2. Vocalismo átono

Como sabemos en posición átona as realizacións fonéticas non son tan claras e estables coma na tónica, xa que están condicionadas polo contexto. Ase-

(1) Estamos perante un castelánismo claro. De tódolos xeitos, pódenos servir para contrastar o fenómeno fonético que estamos comentando.

made, debemos ter en conta que a posición respecto ó acento condiciona tamén a entidade dos sonidos; deste xeito, principalmente en posición inicial e en pretónica os sonidos teñen unha entidade, un timbre máis nítido e estable.

1.2.1. *Vacilación no vocalismo átono*.- En posición pretónica temos as seguintes vacilacións:

U > O: *logar* CG 27; *lingoaxe* CG 26, S 25, 307; *inadecoadas* S 308; *lingoísticos* S 109, 240; *homildade* S 256, DS 102; *consecuencias* S 258; *homilde* S 352; *asolagar* S 354, C₂ 9; *sacodir* VN 27; *igoal* VN 64, R 55, S 73, 155; *bilingoismo* S 104, 107; *igoalmente* CG 22, S 77; *coartel* S 24; *cincoenta* C₁ 18; *socesivos* CG 12; *amingoar* CG 25.

O > U: *surrisa* C₂ 9.

O > I: *chocolate* DS 119.

O > E: *fertuna* DS 85; *delor* C₁ 27, 39.

AI > EI: *beilar* O 8, 13; *treidor* DS 67.

A > EI: *eisi* S 213, DS 233; *eiqui* DS 25, 56, 73, S 29, C₂ 43, CG 12, CB 56, 67.

A > AI: *aiqui* S 23.

E > I: *pior* S 128, 374; DS 163, 193; *mintireiro* DS 14, *rivés* DS 211, S 13; *pidindo* O 27; *dispoís* S 70, 76, C₁ 39, C₂ 9, DS 126; R 13; *sinón* N (1), CB 14, 24; *adequirir* CG 59.

I > E: *historia* C₁ 42, S 35, 39, 63, 68, DS 162; *hestórico* S, 11, 34, 44, 89; *mocidade* VN 10, S 12, 24; C₁ 39, C₂ 27; *mesturar* DS 39; *enfermedade* DS 121; *idade* S 21.

I > U: *leutor* O 5.

Respecto da vacilación *I > E* debemos ter en conta que ó lado das formas alteradas como *historia*, temos outras como *prehistóricos*, S 50. Na *E > I* ó lado de *pior* temos tamén *peor* (C₂ 35), solución que cobra máis entidade ó relacionala con *mellor* (non documentamos *millor*) S 92, C₂ 11, 19, S 13, 27, C₁ 25. Asemade, fronte a *dispois* e *sinón* temos *despois* S 27, C₁ 25, C₂ 19 e *senón* CB 23. Nen que dicir ten que algunha destas formas alteradas convive coas correctas; por exemplos, temos *eisi*, pero tamén *asi* S 11, 107, CB 14.

En posición postónica aparecen as vacilacións seguintes: *U > O*: *lingoa* S 45, 103, 107, 153, O 16, VN 55, 62, DS 50. *I > E*: *lástema* S 311, 393, N 3; *médea* O 20; *médeo* C₁ 29; *mistéreo* C₁ 43. En postónica final temos: *O > U*: *mausoleu* O 26. *O > E*: *quiosque* DS 150.

A maior parte dos casos de vacilación do vocalismo átono débese ás asimilacións e disimilacións que teñen lugar dentro da palabra producindo un equilibrio ou harmonización vocálica. De tódalas maneiras, hai casos en que non ocorre por este mecanismo, poñamos por exemplo o de *chocolate*, palabra excepcional de difícil explicación.

1.2.2. *Fenomenos de adición ou supresión de sonidos*

1.2.2.1. *Fenómenos de adición*.- Aludiremos primeiramente á *epéntese* ou intercalación dunha vocal non etimolóxica no interior da palabra. Podemos distinguir dous tipos. Cando aparece engadido un *e* que funciona como unha especie de vocal de apoio que facilita a articulación: *adeministrar* S 93, 148; *admitir* S 380;

admirar DS 191; *administración* S 120, 379... O outro tipo é o iode epentético clásico, bastante común no galego e que neste autor aparece en posición postónica: *asamblea* S 68, 81; *ideia* S 38, 57, 123; *correio* DS 107, S 25 *soia* CB 32, C₂ 15, S 94; *creio* VN 62; *traio* C₂ 23...

Outro fenómeno de adición é a *parágoxe* ou presenza dunha vocal non etimolóxica no final de palabra, normalmente esta vocal é un *e*. En Castelao atopamos o *e* paragóxico, principalmente, no infinitivo de algúns verbos, v. g. *decire* S 325; *sere* O 6, CB 7, 54; *habere* O 16; *morrere* VN 81; *durmire* C₂ 41.

1.2.2.2. Fenómenos de supresión.- Documentamos casos de *aférese* ou supresión de vocal inicial, por exemplo en *nemigo* DS 102, S 148. Outro fenómeno deste tipo é a *apócope* ou perda de vocal final de palabra, v.g. *quêr* S 12, C₂ 11, 39. Finalmente, temos casos de *síncopa* ou perda de vocal interna da palabra: *espírito* S 93, 101, 110, DS 101, 121, 192, SG 27; *intrés* S 69, 95, 125, 156, 178; *espranzas* CG 21, DS 71, S 12, 132, 140; *intresar* O 33, DS 50, 235; *vran* DS 28, 197; *espiritual* DS 55, S 53, 109; *prixel* DS 89, S 40; *maor* S 123, 187, CB 23; *maoría* S 71, 322, CB 23; *mor* S 255, 330, CG 15. Coma case sempre temos tamén as formas non alteradas sen sufrir o fenómeno correspondente: vid. *dereito* S 108; *espírito*N (1); *diferente* S 88, 109; *ferida* S 110. Merece unha referencia a evolución *maior* > *maor* > *mor*, palabra na que ademais dunha síncopa, operou posteriormente un proceso de contracción de vocais.

1.3. Fonética sintáctica.

1.3.1. *A conxunción e*.- A conxunción *e* realízase como *i*, cando a palabra seguinte comeza por *e*, o fenómeno é sistemático, v.g. *i en* S 108, O 14, R 18, 57; *i entón* DS 10, 137; *i escribir* S 110 ...

1.3.2. *As elipses*.- Este é un fenómeno ben característico da lingua de Castelao. A elipse do *a* e do *e* ocorren perante das vocais medias (*e*, *o*) e do *a* iniciais. Pola súa banda a elipse do *o* só a temos documentada diante doutro *o* inicial de palabra. Como vemos, este fenómeno afecta tan só a tres vocais: *e*, *o*, *a*. Vexamos: *d'abondo* S 26, CB 60, R 27, C₂ 35; *d'espíñas* CB 63, 67; *antr'os* N (1) / *cand'os* C₁ 53, CB 29; *per'o* + *subs.* CB 47 / *deic'a feira* C₁ 7; *trint'e cinco* C₂ 9; *contr'os* + *subs.* CB 7. Apuntar, finalmente, que sendo un fenómeno característico da lingua deste autor, tampouco é sistemático vid. *de antroido* C₂ 19.

1.3.3. *As contraccións*.- Consideramos contraccións e non elipses cando na resultante temos algunha modificación morfolóxica ou gráfica indicadora delo. As contraccións máis frecuentes practicadas por Castelao son: *a + o > ô*; *a + u > ô* e *a + a > â* (Cfr. II,2.2.).

1.3.4. *O iode epentético*.- Aparece un *i* antihiático entre o artigo feminino (*a*) e as palabras que comezan por á tónico. Hai dous casos nos que este fenómeno ten unha estabilidade importante: *a i-alma* O 19, CB 67, 73, VN 55, DS 108, R 47, C₂ 37; *a i-auga* DS 55, DS 37, C₁ 7, 37.

2. Consonantismo

2.1. Grupos consonánticos con líquida

2.1.1. Os grupos latinos *PL*, *FL*, *CL* sufriron en galego un proceso de palatalización, sendo esta solución a máis antiga e popular. Nunha etapa posterior da lingua entraron por vía culta palabras que posuían estes mesmos grupos, producíndose un dobre resultado: o cambio a R ou a conservación do grupo. A vacilación do segundo elemento entre R ou L é un fenómeno con vixencia na lingua, e que Castelao reflexa nos seus escritos. As solucións que o autor adopta son variadas. Nunha mesma palabra poden aparecerse distintos resultados, culto ou semiculto. Tamén é normal no autor o uso das solucións semicultas para os cultismos sen deixar de empregar estes correctamente. Vexamos algúns exemplos.

2.1.1.1.- Grupo *PL*.- *Prateado* DS 91; *comprir* DS 107; *prato* DS 210; *soprar* DS 242; *plantados* CB 23; *praza* CB 38; *pranteadas* S 140; *discipriña* S 152; *compretar* S 161; *plantear* S 185; *planuras* S 35; *pracer* S 302; *pleito* S 309; *indisciplina* S 447; *inaplicable* S 64.

2.1.1.2.- Grupo *CL*.- *Craro* VN 42; *clero* CB 18; *concrusión* S 246; *inconcrusa* S 329; *crase* S 53.

2.1.1.3.- Grupo *FL*.- *Enflaquecer* O 19; *fraca* O 47; *conflicto* S 186; *froración* S 273; *frores* S 46; *fleisible* S 126.

2.1.2. A mesma alternancia aparece no grupo *BL* latino que evolucionou no galego ó grupo *br*. Estes grupos foron introducidos máis tarde por vía culta, conservándose a forma latina do mesmo. Castelao introduce ámbalas solucións que veremos nos seguintes exemplos:

nobleza CB 54; *dobladas* CB 63; *estabrecida* S 186; *doblemente* S 309; *estabrecer* S 434; *estabres* S 456; *branco* DS 90; *doble* DS 120; *emblema* CG 12; *asambreias* CG 28; *estabrecida* S 295; *doblemente* S 309.

Como vemos, as escollas que fai Castelao non son nin moito menos sistemáticas. Utiliza dúas solucións para a mesma palabra e moitas veces trata como forma patrimonial evidentes cultismos, aínda que non falta un correcto tratamento dos mesmos.

2.1.3. O grupo latino *GL* evolucionou na nosa lingua perdendo o primeiro elemento. Este grupo tamén foi introducido por vía culta producíndose a conservación dos seus elementos pero mantendo unha alternancia entre mantemento de L ou o paso a R. Aparecen nas obras consultadas as dúas solucións.

miragreira DS 55; *miragre* VN 22; *groria* S 361.

2.2. Grupos consonánticos que en latín non formaban parte da mesma sílaba

2.2.1. *Grupos CC, CT.*- Nas palabras populares estes grupos tiveron unha evolución conforme a determinadas leis fonéticas que sobre eles actuaron. Nas palabras cultas e semicultas de posterior entrada na lingua o proceso foi distinto xa que se mantiveron os grupos intactos ou sufriron, na lingua falada, unha vocalización do primeiro elemento do grupo ou incluso a perda total do mesmo. A vocalización máis frecuente é a que dá como resultado un *u*, aínda que poidan aparecer casos illados de *i*. Castelao non segue unha regra fixa no tratamento destes grupos. Recolle da fala popular os fenómenos que nela se rexistran pero non é sistemático ó aplicalos xa que nunha mesma palabra dáse tanto o mantemento, como a perda ou vocalización; e dentro desta, a que dá como resultado *i* ou *u*. Hai que salientar que esta última é a única solución que se recolle nas obras estudadas sobre todo despois do *e* e do *a*. O *u* aparece como primeiro elemento do grupo, xeralmente despois de *o*. Todo o anterior parece querer dicir que Castelao intenta facer unha escolla das variantes populares como base da súa lingua literaria, aínda que por outra banda, non esquece os resultados cultos.

2.2.1.1. *Vocalización en i.- aituaes* CG 12; *caraiter* CG 12; *aitualidade* CG 13; *praiticas* CG 27; *aspeito* CG 67; *inaicesibel* CG 7; *reitificar* CG 8; *reitoral* DS 34; *leición* DS 41; *coleccionar* DS 55; *direición* DS 55; *eleitricista* DS 144; *indireitas* DS 170; *noiturnas*, *aituario* DS 265; *caraiterística* CB 8; *respeitivamente* CB 29; *esceición* CB 29; *reitangulares* CB 61; *reación* S 140; *eleitores* S 154; *confeccionar* S 165; *redaición* S 175; *interdeición* S 185; *resurreición* S 275; *aitivo* S 340; *abstraito*.

2.2.1.2. *Vocalización en u.- doutores* CB 63 *leutor* O 5; *direutor* O 19; *perfeución* O 20; *nouturnidade* O 47; *doutrinal* S 307; *doutrinas* S 258.

2.2.1.3. *Perda do primeiro elemento.- vitoria* CG 62; *vítima* CG 62; *aflitos* DS 204; *atauar* S 180; *conduta* S 237.

2.2.1.4. *Conservación do grupo.- actuaes* CG 26; *resurrección* CG 59; *diccionario* DS 259; *acto* SG 179; *contradictoria* SG 181; *conflicto* SG 186; *estruturación* SG 208; *acceso* SG 274; *respecto* SG 289; *pactar* S 313; *ficción* S 324; *pacto* S 471.

2.2.2. *Grupo KS.*- O grupo KS nos cultismos mantense en liñas xerais. Sen embargo a tendencia da lingua falada é converti-lo primeiro elemento do grupo nunha vocal e con máis frecuencia adoitar unha solución en *s* como única realización dos elementos do grupo. Tamén pode xerarse unha nasal como inicio do grupo. Castelao recolle estas tres solucións. Nuns casos mantén a grafía X que parece querer apuntar a um mantemento do grupo. Noutros aparece unha nasal tanto diante da grafía S como da grafía X, e noutros escolle o *s* como única realización.

2.2.2.1. *Vocalización do primeiro elemento do grupo.- eistencia* CG 12; *extraordinario* CG 15; *eisistir* CG 63; *eisito* DS 50; *refleición* DS 90; *proisimo* CB 5; *eisagonal* CB 60; *eispresión* O 14; *maisima* S 181; *ineisorable* S 185; *eisento* S 234;

eisaltar S 275; *aisioma* S 308; *eistasis* S 354; *eisecrar* S 363; *aneisión* S 361; *maisimos* S 54; *eistraordinario* S 68; *leisicografía* S 348.

2.2.2.2. *Resultado S*.- *expansivo* S 280; *escomuni3n* S 285; *esterno* S 284; *esceder* S 323; *estensa* S 43.

2.2.2.3. *Aparici3n dunha nasal*.- *enxemplo* CG 26; *ensaminar* S 140; *ensemplo* S 167.

2.2.3. *Grupo GN*.- O grupo GN deu nas palabras patrimoniais o resultado *ñ*, sendo nos semicultismos *n* con perda do *g* implosivo. Nos cultismos hai unha conservaci3n da totalidade do grupo. No tratamento destes 3ltimos Castelao utiliza diversas soluci3ns. Por unha parte emprega *ñ* resultado das palabras patrimoniais, e por outra emprega *n* soluci3n dos semicultismos. O autor pode ser que chegue a isto por v3a do diferencialismo con respecto 3 espa3ol:

si3no CG 11; *si3nificaci3n* S 12; *i3norancia* CG 26; *idi3ne* CG 26; *si3na* DS 170; *i3norar* DS 176; *si3nificado* S 142; *desi3nar* S 142; *indi3nante* S 154; *desi3naci3n* S 185; *consi3na* S 240; *di3nidade* S 43; *malina* DS 79; *dinidade* O 20; *consinar* S 207; *manificencia* CG 59.

2.2.4. *Grupo NS antec3nson3ntico*.- Nas palabras cultas este grupo mantense pero non as3 na fala onde se produce unha reducci3n en *s*. Castelao parece representar este fen3meno fon3tico; pero tam3n utiliza o grupo culto.

instrumento DS 71; *monstruoso* S 434; *inscripto* S 317; *insculturas* CG 13.

2.3. *Tratamento das oclusivas xordas intervoc3licas nos cultismos*

Nas palabras patrimoniais, as oclusivas xordas P, T, K, en posici3n intervoc3lica, sufriron un proceso de sonorizaci3n. Nos cultismos este proceso non se produciu debido a non vixencia das leis fon3ticas que o causaron nas palabras populares. Castelao utiliza moitos cultismos coas oclusivas sonorizadas quizais por unha actitude diferencialista. Sen embargo non deixa de representa-los cultismos conforme 3 seu tratamento correcto.

sagro CG 112; *durmidoiro* CG 8; *segredo* DS 150; *cap3duo* S 142; *sagrifizo* S 200; *t3duos* S 173; *tiduaci3n* SG 128; *sancrist3a* DS 35; *sacrifizo* DS 181.

2.4. *Tratamento do N intervoc3lico latino*

A perda do N intervoc3lico latino 3 un fen3meno da evoluci3n do galego com3n con outras linguas rom3nicas como pode se-lo Portugu3s ou o Gasc3n. 3 un proceso bastante temper3n na lingua, recoll3ndose xa testemu3os gr3ficos no s3culo XIII. Nos cultismos o *n* intervoc3lico non se perdeu en moitas ocasi3ns, e cando as3 sucedeu, houbo unha reposici3n do mesmo. En li3as xerais o resultado dos cultismos non foi respectado na primeira literatura galega por desco3necemento ou por diferencialismo. Na fala pode haber parellas da mesma palabra con perda ou mantemento do *n* intervoc3lico pero son bastante illadas. Castelao ma-

nifesta unha marcada tendencia a suprimilo nos cultismos, aínda que non faltan exemplos onde recolle perfectamente a solución culta. Non ten polo tanto un sistema definido. Cando utiliza solucións equivocadas parece querer achega-la súa lingua á fala ou diferenciarse do castelán.

2.4.1. *Perda.- moimento* CG 11; *provisioal* CG 26; *plea* CG 7; *órgao* CG 7; *escea* VN 7; *reorgaizar* S 142; *condicioar* S 151; *tradicioal* S 154; *tribua* S 241; *cançioeiros* S 265; *malintenzoado* SG 275; *orgaización* S 444; *orgaista* S 19; *orgaismos* S 70; *orgaizarse*.

2.4.2. *Mantemento.- coaicionar* S 208; *ordenanza* S 240; *tribunal* S 244; *personaxes* S 22.

2.5. Seseo.

O seseo é un fenómeno consistente, dito en poucas palabras, na non realización da interdental /θ/. A área do seseo explosivo abrangue a costa occidental de Pontevedra e A Coruña; a do seseo implosivo atinxe a unha zona maior dentro das devanditas provincias. A fala de Rianxo, lugar do nacemento do autor, está dentro da primeira que posúe tanto seseo explosivo coma implosivo. Este fenómeno non é reflexado dunha maneira nin moito menos exhaustiva nos escritos de Castelao, pero aínda así podemos atopar algún exemplos que nos faga pensar que o seseo puidera estar presente no sistema coñecido polo autor. Son claros os exemplos de *Lus* DS 210, e de *xusgalos* S 275, que reflexan o fenómeno do seseo implosivo. Aparecen tamén dous exemplos que nos mostran un aspecto fonético da área de Rianxo: a despalatalización do /S/: *surdir* DS 169; *senreira* O 7. Tamén aparece *xundir* DS 174 o que nos pode demostrar que coñece a realización do que poidera considerar como galego correcto; é dicir, a realización da palatal, que por outra banda é a solución normal en tódolos seus escritos.

2.6. Metáteses consonánticas

Abundan na obra de Castelao as metáteses ou desprazamentos de lugar dun fonema dentro da palabra. Este é un fenómeno moi normal na fala, sendo reflexado por moitos autores na nosa literatura. Podémolas clasificar en simples, cando é un sonido só o que cambia a súa posición, e recíprocas, cando son dous os que varían de posición dentro da palabra. En Castelao aínda que representa moito este fenómeno non deixan de aparecer algúns exemplos de sonidos sen metatizar dentro da palabra:

cadavres CG 1; *pergunta* CG 21; *perto* CG 27; *perguntar* DS 27; *perguiza* DS 49; *cabirtos* DS 108; *palramento* DS 252; *bulrarse* VN 42; *fremoso* S 277; *pobre* DS 234. (metátese a distancia).

IV. Morfoloxía

1. Sufijos e terminacións

Ocuparémonos só daquelas que ofrezas dúbidas ou alternancias no seu uso.

1.1. *-ancia/-anza, -encia/-enza, -cia/-za, -cio/-zo*: Trátase de dous resultados a partir da mesma terminación latina; a 1ª é a terminación culta e a 2ª a patrimonial: *servizo, servizos* R 43, VN 161, S 126, 174, 268; *silenzo* C₂ 13, 41, DS 60, 120, 224, VN 41, S 269; *desprezo* DS 246, S 10; *Franza* DS 181, S 141; *Galiza* CB 24; *sacrifizo* DS 181; pero *sacrificios* S 200; ó lado de *xusticia* S 48, 121; *diferencia* S 14; *nascencia* S 27, 107, CG 7; *aparencia* S 297; a adopción dunha ou outra forma para unha palabra determinada é constante, e podemos dicir que non se presentan alternancias importantes. Así mesmo recalcar que a terminación culta é a máis usual.

1.2. *-ción/-zón e -sión*: Só atopamos un caso de alternancia: *nazón* CG 12; *nacións*. Nos demais casos atopamos tan só os sufixos *-ción* e *-sión*: *cristianización* CG 15, *eleición* S 76; *espresión* S 43, etc.

1.3. *-mento*: É propia de substantivos formados a partir de un verbo sobre o cal se forman. A maior parte dos exemplos non conservan a vocal temática propia do verbo do que proceden: *xacimento* CG 24; *coñecimento* CG 14, 22, 27, S 141; *establecemento* S 125; pero *arrepentimento* C₂ 19, etc.

1.4. *-nte*: É un sufixo procedente do participio de presente latino. Hoxe serve para formar adxectivos e substantivos a partir dun verbo, mantendo a súa vocal temática os verbos da 1ª e 2ª conxugación, e cambiandoa os da 3ª en ocasións, debido a que se forman sobre a base verbal latina e non sobe a romance. As formas documentadas presentan xeralmente coherencia con esta regra: *escentilantes* C₂ 45; *permañente* S 16; *terratene* S 24; *dirixente* S 23; *sobreviventes* S 141; *siguente* S 169; pero *siguientes* CG 59; *confluentes* S 294.

1.5. *-dade, -dade*: As palabras, tanto patrimoniais como cultas, provintes do sufixo latino *-TATE(M)* teñen na obra de Castelao a solución *-dade* tanto en posición intervocálica como en posición posconsonántica; post. intervocálica: *soedade* S 12, DS 217; *propriedade* S 272; *verdade* C₂ 37; *bondade* C₂ 39; *cibdade* DS 133, 175, S 173; pos. posconsonántica: *liberdade* S 12, CG 8; *lealdade* S 237; *faculdade* S 165.

Poden asimesmo aparecer formas reducidas: *caridá* R 21; *calamidá* DS 222; *enfermedás* DS187; aínda que bastante illadamente.

1.6. *-ble, -bel*: A variante *-ble* é a maioritaria, e fai o plural en *-bles*. Mentres que *-bel* fai o plural en *-beis*; forma esta que se documenta con escasa frecuencia, mesmo nas obras que adoitan a forma *-bel*: *terribel* DS 10; *terribles* DS 13, 239; *insoportábel* S 27; *imposibel* DS 149; *responsabel* CG 8; *irrebatibeis* S 471; *favorabeis*

S 475; *posibeis* S 476; frente a *endeble* C₂ 11 etc. En *Sempre en Galiza* aparece constantemente, excepto na parte final do libro onde alterna tamén con *-bel*.

2. O xénero. Formación do feminino

2.1. O xénero

Hai unha serie de substantivos que teñen unha terminación indiferente en canto ó xénero (rematan en consoante ou en *-e*) e que no paso do latín ó romance sofren ás veces cambios en canto á distribución na categoría xénero.

O galego e o castelán presentan moitas veces resultados diverxentes na adscripción destes substantivos nun ou outro xénero. Esta é a razón pola que se dan con moita frecuencia interferencias do castelán o galego; non só en palabras cultas (*aprendizaxe*, *réximen*, etc.), senón tamén nas patrimoniais (*calor*, *color*, etc.). En Castelao é patente a vacilación de xénero nestes substantivos, adoitando ás veces só a forma castelán, outras a propia do galego ou mesmo alternando ambas dúas. Vexamo-lo tratamento agrupando os substantivos en canto ó sufixo:

2.1.1. *Substantivos en -axe*: Son femininos no galego. Atopamos moitas vacilacións: *o viaxe* S 16, DS 157, 215, etc.; *o orixe* CG 12, CB 23, S 231, 264, pero *as orixens* S 264, 355; *a paisaxe* S 275, 354, pero *os paisaxes* S 275; *o linguaxe* CG 26.

2.1.2. *Substantivos en -or*: Eran masculinos en latín e pasan ó galego unhas veces a feminino, outras a masculino: *a door* R 46, C₁ 17, VN 20, S 90; *o calor* S 275 co xénero da forma castelán, en *coor* ou *color* conviven ambas C₂ 11, e S 279.

2.1.3. *Substantivos en -me*: Procedentes de neutros da 3ª declinación latina son en galego masculinos mesmo nos cultismos: *o costume* CG 62, frente a *a costume* CB 7, 37, S 294; *a negrume* DS 174; *o réximen* S 271.

Temos aínda á parte outras vacilacións de xénero: *o orde* S 276; *os albres* S 271, CB 13; *a sal* S 136; *o arte* CB 54 pero *a Arte* S 267. Noutros casos consérvase a forma galega: *o leite* S 13; *o nariz* S 358; *o sangue* S 390; *o mar* S 136, etc.

2.2. Formación do feminino

Os únicos casos que presentan particularidades danse nas palabras que teñen as terminacións resultantes dos sufixos latinos *-ANUM/-ANA*, e *-ANE*. Nas obras de Castelao os resultados destas terminacións conflúen na maior parte dos casos no resultado *-án*, tanto para o feminino como para o masculino. Podemos dicir, pois, que tanto nas formas cultas como nas patrimoniais se dá un sincretismo no xénero en substantivos e adxectivos con estas terminacións, xa que non hai marca algunha de xéneros e esté ben especificado unicamente polos determinantes: *a Hespaña castelán* S 360; *viláns* S 368; *cans* S 371; *pedra levián* C₁ 31; *a súa irmán* S 237; *bretóns armoricans* CB 38; *semán santa* C₂ 53; *ventán* S 381; *un tirán* VN 12; *san* O 32; atopamos algunhas excepcións: *cristiano* C₁ 17; *expresión rumana* S 357;

paisanos CB 13; o plural *campás* DS 91 e 101, denota un singular feminino **campá*.

3. O número. Formación do plural

Presenta tamén resultados heteroxéneos á hora de forma-lo plural dalgúns tipos de palabras, referímonos ás que rematan en consoante nas que aparecen complicacións debidas á perda histórica do *-n-* e *-l-* intervocálicos. Este feito fixo que aparecesen distintas formacións do plural na evolución da lingua e que hoxe se atopen distintos resultados distribuídos dialectalmente na xeografía do galego.

3.1. Palabras rematadas en *-n-*

As palabras agudas engaden un *-s* ó singular: *máns* S 143; *sabáns* DS 210; *galáns* VS 21; *bens* S 55. Estes plurais son xerais e constantes en tódalas obras. As palabras graves engaden *-es* ó singular: *vexámenes* S 342; *dólmenes* CB 13, etc.

3.2. Palabras rematadas en *-l*

Tradicionalmente distínguese para a formación do plural entre monosílabos e polisílabos. Os monosílabos ou compostos con monosílabos fan o plural en *-es*: *males* S 112; *pousafoles* DS 21, pero *vals* S 45. Os polisílabos teñen varias solucións segundo a distribución dialectal. En Castelao presenta varias destas solucións, así nos polisílabos agudos rematados en *-al*: *-aes*: *intelectuaes* S 202; *sentimentaes* R 60; *orixinaes* CB 35. *-ales*: *intelectuales* S 49; *materiales* CB 5; *pardales* DS 103; *casales* C₁ 13, etc. *-ls*: *maternals* C₂ 55. Polisílabos rematados en *-el*, ou ben conservan o *-l-* engaden *-es*: *papeles* O 7; *enxeles* DS 139; *aqueles* S 120. Ou ben desaparece o *-l-* e engaden *-is*: *papeis* S 120; *favorabeis* S 475; *irreatibeis* S 471. As palabras rematadas en *-il*, comportanse indistintamente sexan graves ou agudas: *xentíles* CG 12; *civies* S 192 pero *civiles* C₂ 53; *señoriles* C₂ 9; *caciquies* S 120; *cadriles* O 14; *úteis* S 204; *estériles* S 54. As palabras rematadas en *-ol*, presentan asimesmo dúas solucións: *hespañoes* S 232; *faroles* DS 211.

3.3. Palabras rematadas en vocal que presentan particularidades

A palabra *reló* DS 113 presenta dúas solucións: *relós* DS 150 e *reloxes* DS 149. A palabra *lei* presenta tamén dúas solucións: *leis* S 242, 311; que é o plural etimolóxico e esperable en galego e conforme ó cal atopamos tamén o plural de *rei*, *reis* S 311; e o plural *leises* C₂ 33 plural analóxico tal vez creado polo pouco corpo da palabra.

4. O artigo

Dado que o artigo indeterminado non ten problemas morfolóxicos, rexistrándose as formas tradicionais sen alternación (*un, unha, uns, unhas*) imos centrarnos principalmente no artigo determinado.

Castelao emprega as dúas formas do artigo na súa lingua (*o, a, os, as / -lo, -la, -los, -las*), alomorfos que coma noutras linguas románicas -cfr. italiano- aparecen sempre en distribución complementaria. Neste punto advertimos novamente a considerable corrección gramatical na escrita de Castelao. Tan só salientar, respecto á utilización da segunda forma alomórfica, que o autor debe pensar que a alteración se produce na palabra e que non é realmente un fenómeno de alomorfos. Pois o autor intenta deixar marcado a integridade do artigo na primeira forma, atribuíndolle a alteración morfolóxica á palabra precedente, por ex. *ocupal-a cadeira* CB 18; *mail-o mariñeiro* C₂ 19; *todol-os atributos* S 53. Deste modo, poderíamos dicir que o autor está utilizando a segunda forma do artigo dun xeito semi-inconsciente, xa que el intencionalmente reflexa unha realidade lingüística que considera importante, e asemade non ten consciencia real do segmento morfolóxico que está utilizando.

A segunda forma é utilizada por Castelao, principalmente, despois de infinitivo: *logral-o fin* CB 23; *rematal-a angueira* CB 54; *alcendel-as velas* C₁ 9; *matal-o tempo* C₁ 29; *gañal-o pan* C₂ 11; *perdel-o sentido* C₂ 19; *surtill-as tendas* O 6; *afoagal-as penas* N 31. Despois de formas verbais acabadas en -s: *ollamol-o val* C₁ 7; *sentiámol-o bafo* C₁ 19; *abrimola caixa (sic)* C₂ 23. Despois de *todos/-as*: *todol-os cruceiros* CB 24; *total-as autonomias* S 63. Despois de *mais*: *mail-o mariñeiro* C₂ 19; *mail o poeta (sic)* O 27. Despois de *por*: *pol-a parede* C₂ 35; *pol-os vermes* C₁ 17; *pol-o mar* C₁ 49; *pol-as rúas* C₂ 35.

Nunha recapitulación xeral, debemos apuntar que en certos contextos como seguindo ó infinitivo -principalmente nas primeiras obras- a realización da segunda forma aproxímase ó sistemático; noutros contextos a cuestión xa non é tan regular, Cfr. *non tires o corazo* DS 21, *votamos as municións* VN 25...; pero sempre debe ser un fenómeno importante a ter en conta, que mesmo se dá en casos excepcionais do tipo, *naméntral-o viático* C₁ 9. Polo que respecta ás contraccións do artigo determinado e indeterminado coas distintas preposicións pódese consultar o punto II, 2.2.

5. O pronome persoal

Debemos resalta-la utilización das formas tónicas en función de suxeito, de *el* (S 123, 136, 144, C₁ 23, 42, DS 36) e de *il* (C₁ 27, O 7, 16) para terceira persoa singular do masculino, e de *ela* (S 13) para o feminino. Nas formas tónicas oblicuas -non reflexivas da primeira persoa sing.- vemos que utiliza a variante castelanzada *conmigo* (S 141) en vez de *comigo*, rexistrada na fala rianxeira: [komíxo] (2).

(2) Vid. O material inédito do ALGA (Atlas Lingüístico Galego).

Nos pronomes átonos o máis salientable é a enorme intuición de Castelao á hora de representa-las distintas solucións. Como sabemos as formas non reflexivas do acusativo (*o(s)*, *a(s)*) teñen dúas variantes combinatorias máis: *-lo(s)*, *-la(s)* e *-no(s)*, *-na(s)*. Castelao emprega estas variantes correctamente; o problema que se lle presenta é o de secciona-las distintas palabras. Vese perfectamente que intenta reproducir-lo que oía, pero logo non sabe onde está o límite fronteirizo da palabra que entra en contacto co pronome, v.g. *foi a vel-o* C₁ 43; *gustaba de lel-os todos* C₁ 43; *no-nos aprecian* C₂ 27; *non-os decatamos* CG 12; *pueron-o* C₁ 43. A maneira de representa-lo pronome non é coherente nin sistemática; ó lado de representacións como as citadas arriba, temos que ás veces separa o pronome da palabra respectiva mediante un guión, á portuguesa, por ex. *fixo-o* DS 258; *sabe quen-o fixo* CB 62; *quen-o diría* C₂ 47; *era honrada ou parecía se-lo* C₁ 41. Outras veces representa o pronome directamente ligado ó verbo, v.g. *fixérona* C₁ 33; *comelo* C₂ 17; *quero expoñela* N (1); *chamounos* R 13; *prodúxonos* S 184.

6. O demostrativo

As formas do demostrativo características da fala de Rianxo -coma na maior parte da fala galega- son as que teñen *e* na vocal tónica: [éste], [ésta], [ésto] / [ése], [ésa], [éso] / [akél], [akéla], [akéles], [akelas] (3). Isto puido influír na escolla que fixo do demostrativo o noso autor, xa que utiliza con máis frecuencia as formas con *e*, véxase: *este* CB 77, S 9, 66, 107, DS 10, 206; *esta* C₁ 39, C₂ 42, DS 114, S 139; *esto* S 52, 90, 111, 128, DS 36; *ese* S 62, DS 168; *eso* VN 33, DS 163, S 103; *aquel* C₁ 7, 51, R 27. Mais ó lado destas formas tamén podemos atopar, aínda que máis esporadicamente, casos con vocal tónica *i* v.g. *iste* C₁ 18, 49, C₂ 17, O 6, 25, 32; *ista* C₁ 43, O 31; *isto* C₁ 28 ou *ise* C₁ 42. Como vemos a alternancia *e/i* tónicos en favor do *i* é un feito eventual, dándose a paradoxa de termos documentando casos do tipo *ista*, pero non *iso*. Non hai, pois, intención de seguir un determinado paradigma; de tódolos xeitos, o que se realiza con máis frecuencia é o característico da fala rianxeira (ver *supra*).

Remataremos cunha referencia ás contraccións dos demostrativos coas preposicións *en* e *de*, que non presentan problemas especiais. (Vid. II, 2.2.).

7. Relativos, comparativos, indefinidos e numerais

Respecto do relativo é salientable a utilización dos pronomes *cuio* (CB 56), *cuiu* (CG 26) que a todas luces están construídos sobre a forma castelá *cuyo/a*. Nesta liña, podemos destacar tamén o emprego de *quenes* S 233, forma inexistente no galego que representa un claro calco da correspondente forma castelá. Todos son resultados dun proceso de interferencias entre a lingua veciña e a nosa.

Nas frases comparativas ó lado das formas plenas como *máis...que* (CB 7, S 148, O 6) poden darse casos de elipse final do tipo *máis qu'en beilar* O 8. En canto ás formas *como/coma*, o autor utilízalas independentemente da clase de palabras

(3) Cfr. o ALGA (inérito).

que as siga. Por último, dicir que de vez en cando empréganse construcións comparativas seguindo esquemas portugueses que tamén son posibles no galego, por ex. *do que* R 27.

Nos indefinidos, salientar unicamente a utilización dun hipotético **calisquera* CG 11, cunha alteración morfolóxica digna de ter en conta no contexto dunha lingua de considerable corrección gramatical como a de Castelao. O problema agrávase máis se temos en conta que na fala supostamente inmediata do autor (Rianxo) utilízase -como na maior parte do galego- a forma [kalkera] (4), cuestión sintomática da actitude do autor cara a lingua galega.

Polo que respecta ós numerais, dicir que son representados con corrección. Tan só puntualizar casos coma o de *cincoenta* (5) C₁ 18, onde notamos unha asimilación en favor das vocais medias respecto da forma correcta *cincuenta*. Ou *trint'e cinco* C₂ 9, onde Castelao se esforza en representa-lo máis fielmente posible unha materia fonética que ten *in mente* e que lle presenta problemas ó levala á escrita caíndo en alteracións gramaticais; neste caso é unha elipse do *a* en posición final diante de vocal inicial.

8. A preposición

Dentro das preposicións, notar que alterna por exemplo *dendes* S 245, 312 e *dende* CG 11, O 33, S 164, da cal derivan formas híbridas como *endell* DS 156. Asemade, vemos que alternan formas sincopadas como *pra* S 325, O 43 coa plena *para*: *par'aclarar* O 20; *par'os subst.* DS 73; *par'a subs.* C₂ 19, 43. Opta pola forma plena tamén no caso de *pero* (C₂ 25), *per'o mellor* CB 47. Destacar tamén a alternancia de *senón* -forma propia- CB 24, S 29 coa variante alterada *sinon* CB 14, 24, S 12. Son reveladores da modernidade lingüística deste autor a utilización por exemplo de *sen* -única variante existente na Idade Media- CG 11, S 77, CB 36, fuxindo acertadamente do castelanismo *sin*; ou no emprego do préstamo lusista *até* O 6, CG 12, S 13, 97, C₁ 18. O *até* do portugués moderno ten a súa orixe nunha variante vulgar de *atá*: ar. *hatta* > port. med. *ata*, *atá* > port. mod. *até*. Do anterior, podemos inferir que Castelao, na súa práctica lingüística, prefere unha maior intercomunicación lingüística co portugués que co castelán, cuestión lóxica, por outra parte.

A elipse opera con moita frecuencia nas preposicións, véxase: *antr'o + subs* DS 77, 239, CB 16; *dend'entón* C₁ 9; *d'esperencia* O 6; *contr'os + subs* CB 7, C₁ 8. Por outra parte, como xa vimos noutros puntos, as preposicións *a*, *en* e *por* contraen en determinados contextos, mais este mecanismo convírtese en *antigramatical* en casos do tipo *n-efeito* S 88, 245, evidente abuso deste mecanismo que contrasta coa ausencia de contracción en casos nos que era necesaria, v.g. *en outros* S

(4) Cfr. ALGA.

(5) Sería interesante contrasta-los resultados da lingua utilizada por Castelao coa fala de Rianxo, (neste caso, [sinkwénta] -ALGA-), para estudar en que grao este home é debedor da fala rianxeira.

103. En resumo, todos estes datos, denotan unha considerable inseguridade na utilización deste recurso lingüístico por parte do noso autor.

9. O verbo

No estudio do verbo faremos un comentario dos fenómenos máis importantes de cada conxugación. Tamén se fará referencia ós que afectan ás tres conxugacións indistintamente.

9.1. 1ª Conxugación

Na terceira persoa do singular do perfecto do verbo *dar* atopámo-la variante *dou* DS 59 que é a analóxica de cantou. Esta variante ocupa toda a provincia da Coruña fronte á etimolóxica *deu*, normal no resto do país. Nos outros verbos da primeira conxugación, rexístrase a solución en *-lou*: *celebrou* DS 197. Na mesma persoa do verbo *andar*, o autor emprega a forma *andivo* DS 144, analóxica de *estivo* O 44, que se rexistra na fala da zona de Rianxo.

A desinencia da segunda persoa de perfecto era en latín *-sti*. A evolución en galego deu tres resultados distintos: *-ste*, nunha pequena zona da provincia de Pontevedra; *-ches*, no resto da devandita provincia, na de Coruña e occidente de Ourense e SO de Lugo; *-che*, no resto de Lugo e Ourense. Castelao utiliza a forma da súa zona que é a forma palatalizada *-ches*. O *s* final explícase pola influencia dos demais tempos que a teñen como sufixo de número de persoa. *Deches* VN 53.

Nas persoas 1ª e 2ª de plural dos imperfectos, do futuro de pretérito e de pluscuamperfecto, coexisten na fala viva a acentuación paroxítona coa proparoxítona. A grave representa a etimolóxica e a esdrúxula unha innovación analóxica. Castelao utiliza a innovadora que é a propia do norte do país. *Trocábamos* DS 116.

Na segunda persoa do imperativo dos verbos da primeira aparecen tres solucións en galego: *-de*, con sonorización da dental xorda latina; *-nde*, cun *n* etimolóxico ou analóxico e unha forma coa perda da consoante sonora *-ai*. A variante utilizada por Castelao é esta última *contai* S 358. Este fenómeno ocorre con igual distribución para as mesmas persoas do presente e imperfecto de indicativo. Sen embargo aparecen variantes co mantemento da sonora intervocálica.

9.2. 2ª Conxugación

Un dos fenómenos que se poderían comentar en primer lugar é o uso que fai o autor de verbos que en galego pasaron á terceira conxugación. Atopamos casos onde nestes verbos aparece a terminación da segunda conxugación. Así ocorre no verbo *receber*: *recebe* DS 40; *recebeu* DS 41. A forma *receber* puido existir na época medieval e posiblemente se recolla hoxe na fala debido a un proceso de harmonización da vocal radical coa temática. O proceso maioritario foi harmoniza-la vocal temática coa radical. Debido a isto tamén se mantén a vocal temática ó longo de todo o paradigma.

A desinencia da terceira persoa de singular dos perfectos fracos é *-eu* maioritaria no territorio galego. Castelao fai uso desta solución en tódolos seus escritos xa que é propia da súa zona. *Comeu* DS 73; *morreu* DS 150. Ademais isto é comprobable porque tamén nesta zona dialectal e en todo o norte do país, se produce unha neutralización entre a segunda e a terceira conxugación, concretamente e nesta área a favor das terminacións da segunda. Relacionado con isto podemos atopala mesma desinencia que comentabamos para o perfecto do verbo *ver*: *veu* DS 60, cando a vocal temática para o galego común e *i*, propia dun verbo que se conxuga como os da terceira.

O tema de perfecto do verbo *saber* pode rexistrarse de distinta maneira nas falas galegas. Frente á etimolóxica *soub-* producida pola sonorización da consoante oclusiva ante /w/, atópanse outras como a castelá *sup-* ou a resultante do cruce entre esta última e a etimolóxica *soup-* Castelao fai uso destas dúas últimas descoñecendo a propiamente galega quizais por non ser propia do seu dialecto: *soupo* DS 174; *soupose* DS 181.

O radical deste verbo no presente de subxuntivo é *seip-* sen sonorizar e cun ditongo disimilado: *seipades* VN 26; *seipan* S 300.

A forma do radical do presente de subxuntivo do verbo *poder* que aparece é *poid-*: *poidan* VN 9, *poidamos* S 360. No perfecto de indicativo atopamos pola contra o radical *pud-*: *puden* O 16; *puderon* S 305; *pudo* S 161. Isto é debido a que na fala estas dúas variantes poden convivir sen unha distribución determinada.

No verbo *traer*, aparece a solución *tran* DS 24 para a terceira persoa de plural. Esta forma explícase por analogía coa terceira persoa de plural do verbo *facere*. Na terceira persoa do singular do presente de indicativo aparece a forma *traí* VN 45 analóxica de *fai*. Para o verbo *caer* supoñemos un infinitivo *caír* documentado nalgúns falas de Ourense e Pontevedra. Esta variante, non existente no galego medieval é produto dunha nivelación analóxica co verbo *sair*. Sen embargo o autor tamén utiliza a forma *caen* SS 187, que pode supoñer un infinitivo *caer*. Como ocorrencia do verbo *caír* rexistrámo-la seguinte forma: *caíron* S 237. No verbo *doer* aparece *doi* VN 20; *dóinos* S 237.

No tema de futuro do verbo *facere*, aparece unha forma regularizada de acordo co sistema xeral do verbo galego que foxe das variantes sincopadas: *facirá* DS 48. No condicional *faceríase* DS 71. O paradigma normal deste verbo presenta unha variante reducida pois non se trata dun fenómeno de síncope e polo tanto non hai unha redución dunha forma plena anterior.

Algúns dos verbos que en galego pasan á terceira son tratados como pertencentes á segunda. Como exemplo pódese dar *cobrer* CG 68. Posiblemente se tiñese en conta para a creación deste infinitivo a alternancia vocálica que este verbo sofre nas persoas 2ª, 3ª e 6ª do presente de indicativo.

Castelao emprega para o verbo *querer* na terceira persoa de sing. do presente a variante *quer* DS 40, S 294, e para a segunda a variante *qués* DS 80, VN 6. Estas formas aínda que se poden rexistrar na fala, son moi minoritarias. As variantes con perda do *e* final, documéntanse na época medieval con moita frecuencia para os verbos en *-erer*. Así e todo, xa en textos desa época aparece a recuperación do *e* final que orixinou a forma maioritaria e plena do galego actual.

Na terceira persoa do presente de subxuntivo do verbo *ser*, atopámo-la forma *seamos* S 325, correspondente a un paradigma maioritario en Galicia. Pódese explicar esta variante a través de leis fonéticas galegas, aínda que parece sospeitosa de castelanismos. Na segunda persoa do perfecto, utilízase a forma *foches* VN 79, resultado dunha nivelación analóxica co radical das persoas 4ª, 5ª e 6ª. É unha variante moi minoritaria no territorio galego.

Castelao utiliza as formas plenamente galegas dos verbos en *-er* procedentes da contracción dun encontro vocálico *-eer* > *êr*: *crên* O 43; *crê* N 37. Tamén fai uso da outra solución que é o mantemento das súas vocais quizais por contaminación do castelán: *crefa* S 240; *crees* N 26; *leer* S 300.

O autor utiliza a forma *iña* O 7 para o imperfecto de indicativo do verbo *ir*.

No perfecto do verbo *producir* utiliza o castelanismo *produxo* S 186; *produxeron* S 128, fronte ás formas galegas *produciu*, *produciron*.

No verbo *convir* emprega unha forma de futuro de subxuntivo *conviiñer* S 235; neste tempo, xa moi pouco documentado na fala.

9.3. 3ª Conxugación

Cando se analizan as formas da 3ª conxugación que aparecen nos escritos de Castelao, chama a atención un fenómeno que posiblemente sexa o máis significativo dentro do sistema verbal do autor. Trátase da neutralización das conxugacións 2ª e 3ª na desinencia dos perfectos fracos, neutralización que ocorre sempre a favor da 2ª. Este fenómeno ten a súa distribución no norte do país, dándose a neutralización a favor unhas veces da 2ª, outras da 3ª. Vemos que Castelao recolle un rasgo propio da súa fala, aplicándoo coa maior amplitude quizais por consideralo como o máis correcto dentro dunha posible lingua común. Isto non impide que aparezan casos onde fai uso das desinencias propias da 3ª.

Formas neutralizadas: *sigueu* DS 29; *durmeu* DS 34; *discurreu* DS 55; *dispeuse* DS 60; *sinteu* DS 86; *convirteu* DS 155; *reviveu* DS 163; *arrepinteuse* DS 170; *decideu* DS 13; *descobreu* DS 191; *sirveu* DS 199; *ensumeu* DS 258; *rixeu* S 345; *sofreu* S 334; *abreuse* S 351; *conquiereu* S 283; *mideu* S 201; *convirteu* S 203; *eisisteu* S 143; *interveu* S 142.

Non neutralizadas: *consistíu* S 308; *partíu* S 384.

Nos verbos que teñen vocal radical *e*, prodúcese unha disimilación vocálica: *serviu* > *sirveu*.

Verbos en u -ir.- Estes verbos poden ter dúas solucións: verbos sen alternancia vocálica e verbos con alternancia *u-o* na vocal do radical na 2ª, 3ª e 6ª do presente de indicativo. Castelao emprega verbos coa dita alternancia vocálica *sofre* DS 192. Isto tamén se pode ver nos infinitivos analóxicos creados a partir das formas con alternancia vocálica: *sacodíndose*, *sacodir* VN 27. Hai verbos que aínda tendo normalmente alternancia vocálica non son así representados por Castelao. Pode ser isto un rasgo da fala aprendida polo autor: *fluxen* O 32; *ulen* O 13; *recurren* S 285.

Verbos en e-ir.- Poden presentar dous tipos de alternancia: paso de *e* a *i* nas formas do pres. de ind. e imperativo, no que a raíz é tónica e tamén no presente

de subx. *transfire* S 444; *prefiren* S 387, e verbos con variación *i* na primeira persoa e *e* na 2ª, 3ª e 6ª do pres. de ind.: *rexen* R 8. As veces non se mantén esta alternancia: *minten* S 30.

No verbo *producir* aparece a forma *produz* S 234, con perda do *e* final fenómeno que se rexistra tamén no verbo *dicir*: *diz* S 382. Podería ser esta a solución portuguesa, que non recupera o *e*.

No verbo *escribir* rexistrámo-la variante *escrebir*: *escrebiron* N 29, que harmoniza a vocal temática coa radical. Esta é unha variante que se pode rexistrar na fala como vulgarismo.

Á parte dos comentarios concretos para cada conxugación hai outros fenómenos que son importantes dentro do sistema verbal empregado por Castelao. Habería que comentar neste apartado o uso que fai dos infinitivos conxugados. Este rasgo do sistema verbal galego é utilizado con moita frecuencia polo autor, xa que está moi presente na fala e posiblemente no seu propio idiolecto. Non sempre fai un uso correcto destes infinitivos flexionais quizais por querer utilízalos en todo momento. Temos casos de utilización correcta: *colleres* DS 205; *deitaren* DS 228; *redactaren* S 166; *xuntárense* S 284; *layárense* O 38. Noutros fai un uso inadecuado xa que o infinitivo utilizado engade unha marca redundante de xénero e número xa expresada polo verbo principal: *comenzan a presentárense* CG 12; *empesaron a degradárense* CG 12; *volven a seren* CG 8.

Asemade temos tamén rexistrado algún caso de xerundio conxugado: *vol-tándomos* O 22. Dentro da segunda conxugación aparecen verbos en *-scer*. Estas formas son as medievais galegas que nalgún caso tamén se conservan en portugués: *merescía* DS 199; *parescer* CG 7; *aparescer* CG 12; *paresce* CG 12. Estas formas utilizadas polo autor demostran un coñecemento da lingua medieval galega. Non sabemos se Castelao puido pensar que estas variantes eran portuguesas xa que nesta lingua hai formas con *s* aínda que non os exemplos que aparecen arriba. O que é evidente é que o autor busca o diferencialismo con respecto do castelán; sen embargo non deixa de utiliza-las formas sen *s*, que son as que se rexistran na fala.

V. Conclusións

Unha vez analisados os datos recollidos ó longo da súa obra, é necesario darlle unha mínima interpretación ás ideas lingüísticas que Castelao tiña sobre o galego, e que, evidentemente, se ten que reflexar na súa escrita.

Coidamos que en Castelao existiu sempre a vontade de darlle ó galego o estatus de lingua válida e útil para tódalas manifestacións do pobo que a conservou. Agora ben, o xeito de levar a cabo este ideal lingüístico non é o mesmo nas primeiras obras ca nas últimas. Nas primeiras, Castelao amosa un marcado achegamento ás solucións da lingua popular, solucións que recolle, nalgúns casos, do

seu dialecto rianxeiro, -área fisterrá-sureña (6)-. Isto apréciase, sobre todo, nas contraccións e elisións tan abundantes nas primeiras obras, fronte a unha importante redución da representación destes fenómenos da fala, por exemplo en *Sempre en Galiza*.

Hai que ter en conta que este autor non é nada sistemático, aínda que se poden establecer unhas certas liñas de evolución dende as primeiras obras ata as últimas. Isto ha que relacionalo cunha depuración nas súas escollas lingüísticas que nos conduce á nova concepción do que pode e debe ser unha lingua culta: vehículo apto para *calquera* manifestación -falada ou escrita- dun pobo. Nesta nova etapa toma como modelo para a nosa lingua algunhas solucións da lingua culta portuguesa. Esta actitude é, sen dúbida, máis rigorosa e meditada cara a un proxecto de normativización do idioma galego.

Como sabemos, calquera fenómeno cultural debe ser estudiado no contexto intelectual en que este se produciu. Deste xeito, as solucións lingüísticas adoptadas por Castelao hai que poñelas en relación coas utilizadas polo seu grupo xeracional. A lingua de Castelao non é substancialmente distinta da dos seus compañeiros de xeración, -vid. Risco, Pedraio, Cuevillas, A. e R. Villar Ponte, Viqueira...-, formas nun ambiente socio-cultural determinado que se resume nas seguintes coordenadas: dignificación da patria e fala galega para convertila nunha lingua de cultura; e, por outra parte, unha preocupación por achegarse á lingua e cultura portuguesas.

(6) Vid. Fernández Rei, F., "Áreas lingüísticas do galego actual" in *Actes do XVI congrés internacional de lingüística filoloxía românicas*, Tom. II, sección I.